

## ATENCO SOMOS TODAS



O pasado 24 de outubro tivemos o pracer de recibir unha charla por parte de membros do colectivo **Atenco somos todas**. Este colectivo asembleario ten como fin principal divulgar o sucedido na cidade mexicana de S.Salvador de Atenco; para isto, xúntase coma grupo de apoio no que procuran buscar solucións para loitar contra a represión, a liberdade da muller, aprender, acercarse, e falar entre eles de maneira que todas (coma el@s prefiren dicir) sexamos líderes e partícipes; asemade, procuran como facer nosa unha denuncia a tódolos niveles, tanto xurídico, político, coma

social dunha realidade inxusta...etc.

Nunha charla divertida e moi, moi dinámica propuxéronnos diferentes actividades (vimos o documental “O proxecto de Milgram”, xogos de preguntas, imaxes da loita en Atenco...) ata chegar a un debate sobre a autoridade no que nós mesmos deberiamos chegar á nosa propia conclusión sobre a submisión a esta, o cuestionamento da verdadeira necesidade dun líder, a influencia dos medios de comunicación en tódolos ámbitos e cal é a medida na que pensamos por nós mesmos ou nos impoñen as cousas, pois non só impón o goberno, o tirano ou o ditador, senón que dunha maneira tan sutil e dixeríbel para a xente os medios de comunicación chegan a escoller por nós para que o aceptemos tal cal entre outras cousas.



De esquerda a dereita: Lorena (Stgo Compostela, apoia organizacións zapatistas en Chiapas), Andrea, unha alumna do Centro, Charo (mexicana asemblearia de A.S.T., Indi-Madrid, teatros, manifestacións culturais...), Ana Glez Cidras (profesora do Centro), Mariana (mexicana A.S.T.), Manolo (vigués) e Irene (madrileña, A.S.T.)

Para máis información sobre o colectivo ou sobre o sucedido en Atenco podedes visitar:

[Http://mujeressinmiedo.blogspot.com/](http://mujeressinmiedo.blogspot.com/)

(Colectivo e espectáculo que loita pola liberdade inmediata d@s pres@s polític@s detid@s en S. Salvador de Atenco)

<http://www.youtube.com/watch?v=OPrXlcg8D7Y>

Pequeno vídeo-documental que resume o sucedido en Atenco.

*Amanda Bugarín (2º Bach.-D)*